



FEDERACION GALEGA DE PELOTA

COMISIÓN DELEGADA.

No seo da Asemblea Xeral deberá constituirse unha Comisión Delegada que terá carácter electivo e será un órgano de goberno e representación da Federación.

A Comisión Delegada será elexida pola Asemblea Xeral na primeira reunión que se celebre despois da súa constitución, mediante o sufraxio entre os membros da mesma, o seu mandato coincidirá co da Asemblea Xeral.

O número de membros da Comisión Delegada será de (6) mais o Presidente da Federación.

Un terzo da comisión delegada debe ser designado polo titular da Presidencia da Federacións (dous (2) membros)

Un terzo debe corresponder ás entidades deportivas, elixíndose esta representación por e de entre os mesmos (dous (2) membros).

Un terzo corresponderá aos demais estamentos (dous (2) membros), en proporción a súa representación na asemblea Xeral.

O Presidente da Federación convocará á Comisión Delegada, que se reunirá como mínimo dous veces ao ano para os fins das súas competencias e, ó menos, para realiza-lo seguimento da xestión deportiva e económica da Federación.

Son competencias da Comisión Delegada:

- a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos orzamentos.
- b) A modificación dos calendarios deportivos.
- c) A modificación dos orzamentos e dos regulamentos.
- d) O seguimento da xestión económica e deportiva da Federación.

As modificacións non poderán excede-los límites e criterios que a propia Asemblea Xeral estableza.

A proposta dos temas a tratar na Comisión corresponde exclusivamente ó Presidente ou ós dous tercios dos seus integrantes

COMPOÑENTES DA COMISIÓN DELEGADA PERÍODO 2018 - 2022

José Ignacio García Castro (Presidente da Federación Galega)

Juan José Penas Ramos (Por Designación do Presidente da Federación, Estamento Adestradores-Técnicos)

Luis Calzón Dopazo (Por Designación do Presidente da Federación, Estamento Deportistas Frontón 30 metros)

Aitor Martínez Lafuente (por votación, Estamento Entidades deportivas Frontón 30 metros)

Luis Miguel Larrañaga Zarraoa (por votación, Estamento entidades deportivas Frontón 36 metros)

José María Olaiz García (por votación, Estamento Deportistas Frontón 36 metros)

Juan Iglesias Parga (por votación, Estamento Xuices e Árbitros)